Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DUN TECNICO AMBIENTAL NOS CONCELLOS DE A ILLA DE AROUSA E CAMBADOS.

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto da presente convocatoria regular a contratación dun Técnico Medioambiental que prestará os seus servizos no Concello de A Illa de Arousa (dous días á semana) e no Concello de Cambados (3 días á semana), en réxime laboral temporal, a tempo completo (40 horas semanais), e na modalidade de contrato de duración determinada dende a sinatura do contrato ata o 14 de novembro de 2017 de conformidade co establecido no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada (Hoxe RDL 2/2015 TRLET).

A presente selección enmárcase dentro da Subvención concedida polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 19 de xullo de 2017 acordouse conceder ao Concello de A Illa de Arousa unha subvención de 26.964,24 euros para o proxecto denominado "Proxecto de concienciación e control ambiental nos concellos de A Illa de Arousa e Cambados" ao amparo do previsto na Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de repartción e se establecen as bases reguladoras e a convocatria de subvencións da liña en concorrencia non competitva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida destinada a entidades locais de Galicia.

SEGUNDA. RÉXIME E MODALIDADE DE CONTRATACION.

A contratación dos traballadores será en réxime laboral temporal, xornada a tempo completo (40 horas semanais) na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo.

TERCEIRA.- REQUISITOS

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

-Ser español.

-Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, do Reino de Noruega, da República de Islandia, ou Liechtestein, así como da Confederación de

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Suiza, ou nacional de algún Estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación la libre circulación de traballadores.

-Tamén poderán participar os extranxeiros non comunitarios que residan legalmente en España conforme ás normas legais vixentes, que reúnan os permisos que lle habiliten para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
d) Posuir permiso de conducir clase B.
e) Titulación: Técnico superior en química ambiental ou título superior.
f) Atoparse en posesión do CELGA 4.
g) Certificados dos documentos acreditativos establecidos nas cláusulas oitava e novena. No tocante ao apartado a) da cláusula novena "certificado dos servicios prestados en administración públicas" acreditarase tal e como dispón o Anexo I do Real Decreto 1461/1982, do 25 de xuño, polo que se ditan normas de aplicación da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servicios previos na Administración Pública. No caso dos servicios prestados en empresas privadas deberase presentar certificado da vida laboral.

CUARTA.- PUBLICIDADE.

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante su publicación no Faro de Vigo, no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, podéndose dar maior difusión mediante a colocación de bandos no Concello ou calquera outra medida adoptada ao respecto pola Alcaldía.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso de méritos (Cotexaranse os datos polo tribunal que poderá facer preguntas para acreditar a veracidade dos datos aportados).

SEXTA.- XORNADA LABORAL.

A xornada laboral será a tempo completo, 40 horas semanais distribuidas de luns a venres.

SÉPTIMA.- DURACION DO CONTRATO, RETRIBUCIÓNS E FINANCIAMENTO.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

1. A duración do contrato será ata o 14 de novembro de 2017.
2. As retribuciones brutas mensuais serán de 1.196,7 € en concepto de Salario e P.P. Extras.
3. O Contrato financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 172/143.00 e 172/160.00

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As persoas interesadas presentarán instancia segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases no prazo de 5 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Faro de Vigo, no Rexistro Xeral do Concello de A Illa de Arousa (Rúa Palmeira 25, 36626 – A Illa de Arousa). Non obstante poderán presentarse nos rexistros e oficiñas a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debendo nestes caso remitir por fax (986528700) copia da presentación dentro do prazo indicado.

Deberán acompañar toda a documentación acreditativa a que se refire a cláusula novena, así como a esixida na cláusula terceira (copia do DNI, copia do CELGA 4 ou documento equivalente, copia do permiso de conducir clase B e copia do título académico).

NOVENA.- Criterios de selección:

a) Experiencia profesional: Ata un máximo de 10 puntos.

Por servizos prestados nas administración públicas ou empresas privadas como técnico medioambiental (a razón de 0,25 puntos por mes traballado), non obstante incrementaranse en 0,05 puntos por mes traballado cada unha das seguintes actuacións:

1) Se se realizaron traballos de supervisión e control de Puntos Limpos.
2) Revisións de sistemas de compostaxe doméstica.

Nestes supostos deberá acompañarse certificación por parte da administración púbica ou empresa de tal circunstancia.

b) Cursos realizados: Ata un máximo de 6 puntos.

Valoraranse os cursos ou xornadas realizadas sobre as seguintes materias:

- Prevención de Riscos Laborais.
- Xestión Medioambiental

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- Xestión de residuos (inclúe todo tipo de residuos: domésticos, industrais, pesqueiros etc.)
- Cambio climático

A valoración será de 2 puntos de cursos ou xornadas de 100 ou máis horas, 1 punto de cursos ou xornadas de ente 40 e 100 horas, de 0,5 puntos de cursos ou xornadas de de 20 ou máis horas e de 0,10 por cursos ou xornadas de 6 ou máis horas. Deberá acreditarse con certificado da Administración Pública ou empresa.

c) Cursos ou charlas impartidos: Ata un máximo de 3 puntos

Valoraranse os cursos ou xornadas impartidos sobre as seguintes materias:

- Prevención de Riscos Laborais.
- Xestión Medioambiental
- Xestión de residuos (inclúe todo tipo de residuos: domésticos, industrais, pesqueiros etc.)
- Cambio climático

A valoración será de 1 puntoo de cursos ou xornadas de 100 ou máis horas, 0,5 puntos de cursos ou xornadas de ente 40 e 100 horas, de 0,25 puntos de cursos ou xornadas de de 20 ou máis horas e de 0,10 por cursos ou xornadas de 6 ou máis horas. Deberá acreditarse con certificado da Administración Pública ou empresa (no caso en que o curso ou charla non fose impartido totalmente polo aspirante no certificado deberá constar expresamente o número de horas impartido así como a materia).

Disposición interpretativa:
No apartados a) non se prorratearán os periodos de tempo inferiores a un mes.

En caso de empate terán prioridade as mulleres, de persistir o empate proporase ao aspirante que figure máis tempo desempregado, e por último á persoa de máis idade.

DÉCIMA: Calificación da documentación:

A calificación da documentación presentada e as puntuacións serán realizadas polo tribunal relacionado no anexo II.

UNDÉCIMA: Formalización do contrato laboral:

Á vista da proposta do Tribunal de Selección, o Alcalde ditará a resolución definitiva do procedemento selectivo ao obxecto de proceder á formalización do contrato baixo a modalidade de contrato laboral temporal por obra ou

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

servicio determinado, debendo o seleccionado/a aportar no prazo que se indicará na resolución a documentación requirida.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ANEXO I

Don/Dona……, provisto do DNI…….
Con enderezo a efectos de notificación…… C.P……
Municipio: Provincia: Teléfono:
Correo electrónico:

O abaixo asinante, solicita tomar parte no concurso de méritos para a contratación dun traballador/traballadora desempregada como **TECNICO AMBIENTAL**, en base ao anuncio publicado no xornal …….. de …….. de agosto de 2017 e declaro que coñezo as bases as cales acepto íntegramente e que non padezo enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza.

Asimesmo presentos a seguinte documentación (sinalar o que proceda)

- DNI
- CELGA 4 (ou superior) ou documento equivalente
- permiso de conducir clase B (ou superior)
- título académico
- Certificados da experiencia laboral
- Certificado de cursos realizados
- Certificado de cursos impartidos

En a de 2017
(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ANEXO II

A Comisión seleccionadora estará composta de seguinte xeito:

A- Presidente: PASTORA PARADA PORTAS
B- Secretario que actuará con voz e voto: XOÁN M. DOPICO ORJALES
C- Vogais: MARÍA PARADA PORTAS, R. ANDRÉS TORRES NÚÑEZ, JUAN M. RIAL VÁZQUEZ.

Segundo.- Que se publique anuncio do proceso selectivo nun diario de máxima difusión da Comarca de Arousa e se publiquen as Bases no taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web.

Terceiro.- Dar conta a Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que celebren.

Cuarto.- O contrato formalizarase no prazo de tres días naturais contados a partir da comunicación da presente resolución, para o cal deberán aportar na secretaría do Concello fotocopia compulsada da tarxeta sanitaria e certificación bancaria.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores deberá comunicarse á oficiña pública de emprego, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación e nos termos que regulamentariamente se determinen, o contido dos postos de traballo, así como ao comité de empresa quen recibirá copia básica do contrato.

Sexto.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o Alcalde (ver si la resolución del recurso de reposición está delegada en el caso de que la competencia estuviera atribuida a la Junta de Gobierno Local) no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xuzgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen prexuizo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Na Illa de Arousa a 17 de agosto de 2017.